



1. Describe as causas económicas, demográficas, culturais e políticas polas cales Gran Bretaña foi a primeira sociedade europea en industrializarse?
2. Aconteceu o mesmo en Cataluña, Vascongadas, Bélxica e Norte de Italia? Procura información na Rede para argumentar a túa resposta.
3. Define os seguintes conceptos: sistema domestico, manufactura, fábrica (factory system), cercamentos / acortiñamentos (ou enclosure).
4. Explica de que xeito influíron as transformacións agrarias na industrialización de Gran Bretaña, Bélxica, Franza ou España (atención ás diferenzas rexionais).
5. Esculca e comenta a seguinte gráfica referida ao sistema demográfico vello ou tradicional e a súa transición ao novo ou moderno sistema demográfico. Explica a interacción (influxo mútuo) entre as modanzas agrícolas, a evolución da poboación e a mobilidade da mesma durante os séculos XVIII e XIX.



6. Describe a pegada do carbón mineral e da máquina de vapor de J. Watt na industrialización e na mellora das comunicacións durante o século XIX.



7. Explica as mudanzas nas condicións de traballo nun obradoiro artesanal, nunha fábrica da primeira metade do século XIX e noutra co método do traballo en cadea para implantar o sistema de produción en serie (taylorismo e fordismo).
8. Explica as relacións entre as crises agrarias do século XIX e a emigración masiva da poboación europea ás “novas europas” (América, Australia, Sudáfrica, etc) durante o s. XIX.
10. Describe as consecuencias económicas, sociais, culturais e políticas da revolución industrial valorando cales foron os grupos sociais favorecidos e cales os perxudicados.

### Materiais de apoio





SEGUNDO CICLO  
DE ESO

A INDUSTRIA EUROPEA E ESPAÑOLA NO SÉCULO XIX

